

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

*ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa do bono das persoas autónomas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR341Q).*

O emprendemento, en calquera das súas formas xurídicas, vén sendo un factor estratéxico para o crecemento e o desenvolvemento económico dunha sociedade, sobre todo se é participativo, sustentable e asume a responsabilidade empresarial na súa estratexia.

O emprego autónomo supón unha fórmula de relevancia para a integración no mercado laboral das persoas profesionais, emprendedoras e empresarias que opten polo desempeño da súa actividade laboral por conta propia, e contribúe de xeito esencial á xeración de riqueza e emprego.

Dentro desta premisa, hai que considerar que a consolidación do emprendemento é un dos factores que pode permitir a existencia de estruturas permanentes de emprego de calidade, por iso é esta consolidación a que subxace nas liñas de apoio que desenvolve esta orde.

A opción de calquera persoa que desexe pór en marcha unha idea de empresa e traballar por conta propia debe ser apoiada e fomentada pola Administración pública, non só nos seus inicios senón tamén nos primeiros anos da súa andaina, e nestes tempos de crise provocada pola COVID-19 faise máis necesario que nunca o apoio e o fomento desde as administracións aos emprendedores para que poidan continuar a desenvolver a súa actividade.

En Galicia, a Estratexia do emprego autónomo 2017-2020, dentro da Axenda 20 para o emprego da Xunta de Galicia, ten como misión principal apoiar as persoas e as empresas na creación de emprego estable e de calidade e procurar que ese emprego se manteña, e recoñece a necesidade de prestar unha especial atención ás circunstancias singulares e diferenciais das persoas traballadoras autónomas e, en concreto, axudar tamén a cimentar a consolidación de proxectos que xa superaron os tres primeiros anos de vida; por iso, nesta orde establécense dúas liñas de apoio á consolidación da persoa autónoma, co obxectivo de contribuír á súa mellora competitiva. Unha liña destinada á mellora da compe-



titividade a través da contratación de servizos especializados para a elaboración de plans e estudos e outra liña que o fará a través do investimento nos negocios, dúas liñas que se ven reforzadas tras a situación xerada pola pandemia da COVID-19, que supuxo unha crise económica, social e sanitaria. Tal é a magnitude do desafío que desde a Unión Europea se deu unha resposta común para afrontar a crise a medio prazo e, así, púxose en marcha un ambicioso fondo de recuperación para contribuír ao proceso de reconstrución das economías na época pos-COVID-19. Para iso, o Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente deste esforzo sen precedentes que impulsará a converxencia, a resiliencia e a transformación na Unión Europea, acordou un paquete de medidas coa posta en marcha dun instrumento europeo de recuperación (NextGenerationEU) cuxo elemento central é o Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo e Resiliencia realizarase a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 e avaliado favorablemente pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021. Os proxectos que constitúen o dito plan abordan a realización de reformas estruturais para os próximos anos que permitirán un cambio do modelo produtivo para a recuperación da economía tras a pandemia causada pola COVID-19 e, ademais, unha transformación cara a unha estrutura máis resiliente que permita que este novo modelo saiba afrontar con éxito outras posibles crises ou desafíos no futuro.

As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os Estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de acadar unha estratexia común de acción.

No marco do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia inclúese o compoñente 23, Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, encadrado na área política VIII, Nova economía dos cuidados e políticas de emprego. Un dos obxectivos deste compoñente é reformar e impulsar as políticas activas de emprego, mellorando a cohesión do Sistema nacional de emprego, cun enfoque centrado nas persoas e nas empresas, orientándoas cara a resultados avaliados, coherentes coa innovación, a sustentabilidade e as transformacións produtivas, apoiadas na mellora das capacidades e na transformación dixital dos servizos públicos de emprego.

As bases do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finali-



dade e obxecto deste réxime, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia na persoa solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que a concesión das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Esta orde tramítase de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 18 de outubro de 2021 ; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; no regulado no Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19; no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR); no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) de España, aprobado o 16 de xuño de 2021 por Decisión do Consello de Europa; no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR; na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, e na Orde



HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.322C.470.6, código de proxecto 2022 0086, cun crédito de 500.000 euros, e na aplicación 11.04.322C.770.0, código de proxecto 2022 0086, cun crédito de 7.500.000 euros, que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, aprobado polo Consello da Xunta, na súa reunión do día 18 de outubro de 2021.

Establécese o pagamento anticipado do 100 % da axuda, de acordo co establecido na Lei de subvencións de Galicia e no seu regulamento, para poder permitir as necesidades de financiamento das persoas beneficiarias na presente conxuntura económica, dotándoas da solvencia necesaria para a realización dos servizos de mellora competitiva, de xeito que se garanta a adecuada realización das actuacións obxecto da subvención.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Xeral, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais**

#### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de axudas do Programa do bono das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR341Q), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e proceder á súa convocatoria para o ano 2022.



**CAPÍTULO II****Obxecto, bases reguladoras e marco xeral****Artigo 2. *Obxecto das bases reguladoras***

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas do Programa do bono das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo.

**Artigo 3. *Marco normativo***

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; nos regulamentos UE 1407/2013, 1408/2013 e 714/2014 da Comisión Europea, relativos ás axudas *de minimis*, e no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

**Artigo 4. *Principios de xestión***

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Emprego e Igualdade.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

**Artigo 5. *Orzamentos***

1. As subvencións reguladas nesta orde para o exercicio económico de 2022 financiaranse, no caso das axudas da liña 1, con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.322C.470.6,



código de proxecto 2022 0086, cun crédito de 500.000 euros, e no caso das axudas da liña 2, con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.322C.770.0, código de proxecto 2022 0086, cun crédito de 7.500.000 de euros, tal e como figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 18 de outubro de 2021, e no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU.

2. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

3. A distribución provincial de créditos para o financiamento das axudas e subvencións previstas será directamente proporcional ao número de autónomos dados de alta en cada provincia en 31 de decembro de 2020, de acordo coa seguinte porcentaxe: A Coruña, 40 %; Lugo, 15 %; Ourense, 11 %, e Pontevedra, 34 %.

No caso de que o crédito asignado a unha provincia sexa superior ao número de solicitudes presentadas, de xeito que exista remanente orzamentario, realizarase unha repartición proporcional deste entre as provincias restantes en función do número de solicitudes.

4. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa.

#### Artigo 6. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde:

1. As persoas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade de colexio profesional, que teñan o domicilio fiscal en Galicia, que na data da solicitude teñan unha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na



realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na declaración referida ao ano 2020.

2. As sociedades de calquera clase e comunidades de bens con domicilio fiscal en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que na data da solicitude teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional.

b) Que a empresa teña unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na declaración referida ao ano 2020.

c) Que a empresa teña unha base imponible no imposto de sociedades da declaración realizada referida ao ano 2020 inferior a 30.000 euros (segundo o recadro 552 do imposto de sociedades). No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas, este importe de 30.000 euros referirase ao rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declaradas no IRPF da suma de todos os membros da sociedade ou comunidade de bens.

3. Quedan excluídos desta orde:

a) Os familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea conforme o establecido no artigo 1.3.e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

b) As persoas que cobrasen a axuda do bono das persoas autónomas (procedemento TR341Q) nalguna das anteriores convocatorias.

#### Artigo 7. *Subvención do bono das persoas autónomas*

1. Poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial ou profesional das persoas beneficiarias desta orde, mediante pagamento anticipado,





unha subvención dun 80 % da actividade que se vaia subvencionar cun límite máximo de 3.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables, e o resto do gasto será por conta da persoa beneficiaria.

2. Esta axuda terá dúas liñas de actuación:

Liña 1, mellora da competitividade a través dos seguintes servizos:

- Plan estratéxico do negocio.
- Plan de reorientación do negocio.
- Plan de refinanciamento.
- Plan de márketing.
- Plan de eficiencia enerxética.
- Plan de biodiversidade.
- Plan de comunicación do negocio.
- Plan de transformación dixital.

Tamén se poderán subvencionar outros estudos e plans que teñan como fin aumentar a competitividade da empresa.

Así mesmo, poderá ser computable como gasto subvencionable o pagamento do importe do cofinanciamento privado dos servizos contratados co Igape a través do programa Re-Acciona na súa convocatoria para o exercicio de 2021 e sucesivas por parte das persoas traballadoras autónomas.

Liña 2, mellora da competitividade a través dos seguintes investimentos:

- Compra de maquinaria.
- Compra e/ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética.
- Investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos.





- Compra de utensilios e ferramentas.
- Reforma do local do negocio.
- Equipamento informático.
- Equipamento de oficina e/ou negocio.
- Rótulos.
- Aplicacións informáticas, páxinas web, apps e redes sociais.
- Deseño de marca.

Na solicitude de axudas, as liñas 1 e 2 non son excluíntes nin entre elas nin entre os distintos servizos e investimentos que as configuran. O importe máximo que se pode percibir por ambas as liñas é de 3.000 €.

No caso de reforma do local do negocio, exclúese da axuda o domicilio habitual da persoa traballadora autónoma, excepto no caso en que quede acreditado que é imprescindible para o desenvolvemento da actividade do negocio.

### 3. Definicións:

Plan estratéxico do negocio. Documento que recolle as principais liñas de acción, é dicir, a estratexia, que unha organización se propón seguir a medio e longo prazo. O plan estratéxico redáctase en función dos principais obxectivos que o negocio pretende e nel especificanse as políticas e liñas de actuación concretas orientadas á consecución dos obxectivos e os intervalos de tempo precisos que deben ser cumpridos para cada unha das accións propostas.

Plan de reorientación do negocio. Estudo e planificación da reorientación do negocio dun autónomo situado en mercados maduros e á baixa.

Plan de refinanciamento. Planificación da reestruturación do pasivo do negocio e de fontes de financiamento para novos proxectos de investimento.

Plan de márketing. O plan de márketing é un documento en formato texto ou esquemático onde se recollen todos os estudos de mercado realizados pola empresa, os obxectivos



de márketing que se pretende conseguir, as estratexias que se implementarán e a planificación que se seguirá.

Plan de eficiencia enerxética. Documento que recolla as melloras destinadas a fomentar a eficiencia enerxética para reducir as emisións e o consumo final de enerxía.

Plan de biodiversidade. Documento que recolla garantías para un desenvolvemento sustentable, establecendo mecanismos que aseguren a protección e a conservación dos valores ambientais, especialmente en zonas naturais sensibles, para reducir o impacto negativo do desenvolvemento da actividade sobre o ambiente.

Plan de comunicación do negocio. Trátase dun documento que recolle as políticas, estratexias, recursos, obxectivos e accións de comunicación, tanto internas como externas, que se propón realizar no negocio. Contar cunha axuda para organizar os procesos de comunicación e guía do traballo comunicativo.

Plan de transformación dixital do negocio. Estudo e planificación do uso das novas tecnoloxías da información na operativa do negocio para mellorar a súa competitividade.

Compra de maquinaria. Conxunto de máquinas ou bens de equipamento mediante os cales se realiza a extracción ou elaboración dos produtos.

Compra e/ou instalacións para a mellora da eficiencia enerxética. Toda aquela compra de produtos e instalacións que reduzan o consumo enerxético, o que vai desde o cambio de sistemas de iluminación a cambios de maquinaria ou instalacións.

Investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos. Enténdese por tal o cambio de máquinas e instalacións de enerxías fósiles a enerxías limpas.

Compra de utensilios e ferramentas. Conxunto de utensilios ou ferramentas que se poden utilizar autonomamente ou conxuntamente coa maquinaria, incluídos os moldes.

Reforma do local do negocio. Refírese a obras de técnica sinxela e escasa entidade construtiva e económica. Consisten normalmente en pequenas obras de mellora e reparación, decoración ou ornato, que non modifican a estrutura construtiva. Enténdese por local do negocio o centro de traballo declarado nos anexos, ou cuxa actividade sexa o comercio retalista fóra de establecementos comerciais permanentes, e outras actividades vencelladas a feiras e verbenas.



Exclúese o domicilio habitual da persoa traballadora autónoma excepto no caso en que quede acreditado que é imprescindible para o desenvolvemento da actividade do negocio.

Equipamento informático. Considérase equipamento informático para efectos desta orde as tabletas ou similares, ordenadores persoais de sobremesa, ordenadores portátiles, equipamentos de rede, escáneres e similares.

Equipamento de oficina e/ou mobiliario. Considerarase equipamento de oficina todo aquel elemento susceptible de ser usado nun contorno de traballo, tales como impresoras, destrutoras de papel e outros similares, e por mobiliario, o conxunto de mobles que sirvan para a actividade normal da empresa como mesas, cadeiras, andeis, mostradores e vitrinas.

Rótulos para negocios. Carteis físicos identificativos dos negocios e da súa localización, ou cuxa actividade sexa o comercio retalista fóra de establecementos comerciais permanentes, e outras actividades vencelladas a feiras e verbenas.

Aplicacións informáticas, páxinas web, apps e redes sociais. Importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos. Tamén inclúe os gastos de creación e desenvolvemento das páxinas web que a empresa adquira, sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios, a creación e desenvolvemento de Ajjapps, así como os gastos de creación e mantemento, e coa condición da previsión de utilización ao longo de varios exercicios, así como o apoio á creación e deseño de participación nas redes sociais.

Deseño de marca. Creación de símbolo formado por imaxes ou letras/caracteres que serve para identificar un negocio e todo o relacionado con el.

En ningún caso se consideran subvencionables os teléfonos móbiles e smartphones. Exclúense a adquisición de bens e servizos que poidan ser considerados como mercadoría pola que a empresa obteña beneficios segundo a súa actividade.

4. A través desta axuda serán subvencionables os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2022 e durante o período subvencionable, efectivamente xustificadas, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, en todo caso, ata o 5 de decembro de 2022.



Non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, como é o caso do IVE, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, segundo dispón o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Os servizos e os investimentos deben ser contratados con provedores que se dediquen á actividade obxecto da subvención.

6. As administracións laborais competentes, nos seus respectivos ámbitos de xestión, garantirán o pleno cumprimento de «non causar prexuízo significativo» (principio «*do no significant harm-DNSH*») e a etiquetaxe verde e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 e no Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, en todas as fases de deseño e execución de proxectos.

Ás solicitudes deberá xuntarse unha declaración responsable de adecuación ao principio de «non causar prexuízo significativo», no sentido establecido no número 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, conforme o formulario que se recolla na convocatoria debidamente cuberto pola entidade solicitante. A dita declaración responsable do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «*do no significant harm-DNSH*») realizarase atendendo ao modelo que se recolle no anexo III, seguindo as directrices recollidas na Comunicación da Comisión Europea (2021/C 58/01), Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia.

### CAPÍTULO III

#### Procedemento

##### Artigo 8. *Competencia*

A competencia para coñecer e resolver as subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, corresponderalle á xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade correspondente por razón de territorio segundo a localización do domicilio fiscal.



Se o orzamento asignado a cada provincia non é suficiente para pagar todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación en cada ámbito provincial. Para estes efectos terase en conta a data en que a correspondente solicitude se presentou de acordo co previsto nos artigos 9 e 13 desta orde. No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas solicitudes presentadas que correspondan ao mesmo ámbito provincial, a orde de prioridade virá determinada pola hora.

#### Artigo 9. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes iníciase o 14 de xaneiro de 2022 e remata o 14 de febreiro de 2022.

3. A Rede de técnicos de emprego de Galicia da Consellería de Emprego e Igualdade poderá prestar asistencia efectiva ás persoas solicitantes para garantir que aquelas que carecen de medios para relacionarse telematicamente coa Administración poidan presentar no rexistro electrónico a solicitude referente a este procedemento, de acordo co previsto no artigo 13.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e co establecido no artigo 10.1.a) da Lei de administración dixital de Galicia.

#### Artigo 10. *Emenda das solicitudes*

A sede electrónica remitirá as solicitudes recibidas á unidade administrativa encargada da instrución do expediente para que comprobe se a solicitude ou documentación pre-



sentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa interesada desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

*Artigo 11. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

*Artigo 12. Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no punto 4 do citado artigo.

3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>



**Artigo 13. Procedemento de concesión, instrución e tramitación**

1. O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Emprego da xefatura territorial competente por razón de territorio da Consellería de Emprego e Igualdade, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. De conformidade co artigo 47 da Lei 49/2017, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

6. As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración poderá de oficio crear o indicado enderezo,





para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

7. En aplicación dos principios de eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, a orde de prelación para a resolución das solicitudes virá determinada pola data en que se presentase a documentación completa requirida nestas bases reguladoras.

8. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

9. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*Artigo 14. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As solicitudes deberanse presentar no modelo normalizado que figura como anexo I desta orde e deberán ir acompañadas da documentación que se relaciona:

a) Cando se actúe mediante representación, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada. Quedan exceptuadas da dita presentación as persoas ou entidades inscritas no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia que garantan representación para este procedemento.

b) Certificación da entidade prestadora do servizo na cal conste a súa idoneidade para a súa prestación e o contido da dita prestación para axudas da liña 1. Poderase utilizar para isto o modelo que figura na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e na web <https://oficinadoautonomo.gal>

c) No caso de estar realizado o servizo ou feito o investimento, facturas e o seu correspondente xustificante bancario de pagamento; de non ser así, factura *pro forma* ou orzamento ou calquera outro documento que identifique de xeito claro as características e o custo do servizo ou do investimento.



d) Documentación xustificativa do volume de facturación: IVE ou imposto de sociedades, segundo o caso. No caso das persoas traballadoras autónomas que tributen por módulos será unha declaración responsable da facturación realizada no último exercicio económico (anexo I); importe da facturación realizada no último exercicio económico.

e) Documentación xustificativa de que a persoa autónoma societaria identificada no anexo I o é da entidade que solicita a subvención, de ser o caso.

f) De ser o caso, certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.

g) De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía prevista para o contrato menor no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a persoa interesada deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación, salvo que, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

h) Relación de servizos ou investimentos realizados ou que se van realizar (anexo I).

i) No caso das persoas societarias, declaración responsable de que ningunha outra persoa societaria fixo unha solicitude da presente axuda.

j) Anexo III, debidamente cuberto.

k) Anexo IV, debidamente cuberto e asinado, no caso de solicitudes realizadas por unha sociedade.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 15. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) Vida laboral da persoa traballadora autónoma solicitante dos últimos 5 anos.
- c) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.



e) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

f) Domicilio fiscal.

g) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas.

h) Consulta de concesión de subvencións e axudas.

i) Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

j) IRPF da persoa solicitante correspondente ao exercicio 2020.

k) NIF da entidade solicitante ou representante, de ser o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro indicado no anexo I e achegar os documentos correspondentes.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I e achegar os documentos correspondentes, consultarase os seguintes datos:

a) DNI ou NIE da persoa autónoma pola que se solicita a subvención

b) Vida laboral da persoa autónoma pola que se solicita a subvención nos últimos 5 anos.

c) IRPF do ano 2020 da persoa autónoma pola que se solicita a subvención

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. Logo da fiscalización pola Intervención da proposta emitida polo órgano instrutor, as resolucións serán ditadas polo órgano competente para resolver, por delegación da



persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, e deberán serlles notificadas ás persoas interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses e computarase desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Unha vez que o órgano competente notifique a resolución, as persoas interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

4. A resolución deberá conter a referencia de que a axuda concedida está suxeita ao réxime *de minimis* regulado polos regulamentos UE 1407/2013, 1408/2013 e 714/2014 da Comisión Europea.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. No suposto de que se esgote o crédito e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas, co texto íntegro da resolución denegatoria por esgotamento de crédito, con indicación de que a dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo ou poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición de acordo co disposto no número 5 deste artigo.



**Artigo 17. Anticipos de pagamento**

Realizaranse pagamentos anticipados das subvencións reguladas por estas bases, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación subvencionada nos casos en que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

a) Anticiparase ata o 100 % do importe da subvención concedida mediante resolución motivada.

b) As persoas beneficiarias quedarán exoneradas da constitución de garantía, conforme o establecido na letra i) do artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Coa aceptación da subvención realizarase o pagamento anticipado.

**Artigo 18. Xustificación e pagamento**

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos nesta orde.

3. Considerarase gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En todo caso, o pagamento dos gastos xustificativos das subvencións deste programa deberá terse realizado ata o 5 de decembro do ano 2022.

A liquidación do importe final das subvencións concedidas calcularase en función das facturas e demais xustificantes que se presenten ao respecto, de acordo co establecido nestas bases reguladoras e na resolución de concesión.



No caso de que os gastos totais xustificados e admitidos sexan inferiores ao importe da subvención concedida, practicarase a redución proporcional correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos. Entenderase que queda por conta da persoa beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas, en todo caso, ata o 5 de decembro do ano 2022. As facturas presentaranse en calquera das linguas oficiais de Galicia ou, na súa falta, acompañadas de tradución oficial.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto das subvencións desta orde deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

4. As persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión e, en todo caso, ata o 20 de decembro de 2022.

5. De non achegarse con anterioridade, a xustificación da subvención debe realizarse coa presentación da documentación que se exixa de forma expresa na resolución de concesión, no prazo, nos termos e na forma que nela se establezan, e deberá figurar a seguinte documentación:

– Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

– Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores, segundo o modelo anexo II.

– No caso de reforma do local, deberase entregar unha fotografía do local antes da reforma e outra feita despois da reforma.





6. A documentación exixida para o pagamento poderase presentarse xunto coa solicitude, a opción da persoa interesada.

7. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa firme da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma.

#### Artigo 19. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 80 % do custo da actividade que vaia desenvolver a persoa beneficiaria.

2. As axudas previstas nesta orde serán incompatibles coas axudas que polos mesmos conceptos e gastos poidan outorgar as administracións públicas, agás as outorgadas polo Igaape dentro do programa Re-Acciona convocado para o exercicio 2022.

3. Esta axuda é incompatible nos mesmos conceptos de axuda coas subvencións para a dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais convocadas para o ano 2022.

#### Artigo 20. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións:

a) Permanecer de alta no RETA ou na mutualidade de colexio profesional durante un tempo mínimo de dous anos desde a solicitude de subvención, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o que deberá acreditar de maneira fidedigna.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Emprego e Igualdade, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control fi-



nanceiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa ou entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante un período de 3 anos, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.

h) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade.

De acordo con esta obriga, a empresa subvencionada deberá anunciar que está sendo subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade e fará mención á orixe do financiamento, da Unión Europea, NextGenerationEU. Para isto, incorporará un cartel informativo dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible durante o período mínimo dun ano desde o pagamento da subvención. O dito cartel estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e no portal de emprego <http://emprego.ceei.xunta.gal/>

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



**Artigo 21. *Modificación da resolución de concesión***

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

**Artigo 22. *Perda do dereito ao cobramento da axuda e reintegro***

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

2. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións e axudas concedidas no suposto de non estar ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, así como ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

3. No caso de incumprimento, salvo que se acrediten causas alleas á vontade da persoa beneficiaria, respecto da obriga establecida no artigo 20, letra a), de manter a actividade empresarial (alta no RETA) durante polo menos dous anos desde a presentación da solicitude, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal ter mantido a actividade durante, polo menos, dezaioito meses, e que a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro das subvencións percibidas, de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

4. O incumprimento da obriga en materia de publicidade do financiamento público, mediante a colocación do cartel, segundo o previsto no artigo 20.h), suporá un reintegro do 2 % da subvención concedida.



Non obstante, no suposto de resultar aínda posible o cumprimento desta obriga, o órgano xestor deberá requirir a persoa beneficiaria para que incorpore o cartel, nun prazo non superior a 15 días, con expresa advertencia de que o seu incumprimento implicará o inicio do expediente declarativo da procedencia do reintegro.

5. Procederá o reintegro pola cantidade non xustificada do anticipo concedido.

#### Artigo 23. *Exclusións*

1. Non poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria cando estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

#### Artigo 24. *Seguimento e control*

A Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

#### Artigo 25. *Axudas baixo condicións de minimis*

Estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro); ao Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L190, do 28 de xuño), e ao Regulamento (UE) núm. 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L352, do 24 de decembro).



Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir a persoa ou entidade beneficiaria outras axudas baixo o réxime *de minimis* non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais; para as empresas do sector de transporte de mercadorías por estrada este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar os 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola o límite de *de minimis* redúcese a 20.000 euros durante calquera período de tres exercicios. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro.

#### Artigo 26. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

#### Disposición adicional primeira. *Seguimento*

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Emprego e Igualdade levará a cabo a función de control, así como a de avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Emprego e Igualdade para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

#### Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade na persoa titular da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía



Social para autorizar e redistribuír os correspondentes créditos, e nas persoas responsables das correspondentes xefaturas territoriais desta consellería para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispor, recoñecer as obrigas e propor os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias, respecto das resolucións de concesión ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Disposición adicional terceira. *Achega de información*

A Comunidade Autónoma galega achegará ao Servizo Público de Emprego Estatal a información e documentación necesaria para a adecuada xustificación para efectos da recepción dos fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, e atender os requirimentos que se lle fagan desde as institucións europeas.

Disposición adicional cuarta. *Comunicación á Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións, aclaracións ou interpretacións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza  
Conselleira de Emprego e Igualdade



PROCEDEMENTO <b>BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS</b>	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>TR341Q</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
<input type="radio"/> AUTÓNOMO/MUTUALISTA <input type="radio"/> SOCIEDADE							
DATA DE NACEMENTO	SEXO	DATA DO COMEZO DA ACTIVIDADE		CNAE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
ACTIVIDADE ECONÓMICA				DESCRIPCIÓN			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)							
<input type="text"/>							

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

<b>DATOS DA SOCIEDADE</b>	
NÚMERO DE SOCIOS	
<input type="text"/>	
NOME E APELIDOS	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>






**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**
**ANEXO I  
(continuación)**
**DATOS DA PERSOA AUTÓNOMA QUE SOLICITA A AXUDA POLA SOCIEDADE**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO	DATA DA INCORPORACIÓN Á SOCIEDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**AXUDA SOLICITADA**

LIÑA 1
  LIÑA 2

CANTIDADE SOLICITADA LIÑA 1 
 CANTIDADE SOLICITADA LIÑA 2

IMPORTE TOTAL SOLICITADO (LIÑA 1 + LIÑA 2)

**RELACIÓN DE SERVIZOS E INVESTIMENTOS REALIZADOS**

Nº LIÑA (1 ou 2)	Nº ORDE	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚM. / REFERENCIA	DATA DA FACTURA	DATA DO DOCUMENTO BANCARIO DE PAGAMENTO	IMPORTE (SEN IVE. Excepto recargo de equivalencia ou exención)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Achéganse a esta relación as facturas enumeradas e os seus documentos bancarios acreditativos do pagamento, de acordo co número de orde asinado. Se non dispón de suficiente espazo, faga una relación en folia á parte. Lémbreselle que a xustificación do pagamento dos gastos obxecto destas subvencións deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**
**ANEXO I  
(continuación)**
**MEMORIA DESCRIPTIVA DA NECESIDADE DO SERVIZO OU ACTIVIDADE****A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

 2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e que non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 19 da orde de convocatoria.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**
**ANEXO I  
(continuación)**
**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/>	Certificación da entidade prestadora do servizo/actividade, en que conste, a súa idoneidade para a prestación desta e o contido da dita prestación, no caso de axudas da liña 1.
<input type="checkbox"/>	Facturas e o seu correspondente xustificante bancario do seu pagamento no caso de estar realizado o servizo ou investimento, de non ser así, facturas <i>pro forma</i> ou orzamento ou calquera outro documento que identifique de xeito claro as características e o custo do servizo ou investimento.
Documentación xustificativa do volume de facturación (marque o que proceda)	
<input type="checkbox"/>	IVE
<input type="checkbox"/>	Imposto de sociedades
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable, no caso de persoas traballadoras que tributen por módulos:
	Importe da facturación realizada no último exercicio económico: <input type="text"/> €
<input type="checkbox"/>	Acreditación no caso de persoas autónomas societarias, da súa pertenza a sociedade.
<input type="checkbox"/>	Certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela, de ser o caso.
<input type="checkbox"/>	Ofertas de diferentes provedores e memoria xustificativa, unicamente no caso de superar o contrato menor segundo o artigo 14 da orde.
<input type="checkbox"/>	Relación de servizos ou investimentos realizados ou que se van realizar (anexo I).
<input type="checkbox"/>	No caso de persoas societarias, declaración responsable de que ningunha outra persoa societaria solicitou a presente axuda.
<input type="checkbox"/>	Anexo III, debidamente cuberto e asinado.
<input type="checkbox"/>	Anexo IV, debidamente cuberto e asinado, no caso de solicitudes realizadas por unha sociedade.
	ÓRGANO      CÓD. PROC.      ANO
<input type="checkbox"/>	Poder suficiente para actuar en nome da persoa solicitante.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Vida laboral da persoa traballadora autónoma solicitante nos últimos 5 anos	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesión de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións pola regra de <i>minimis</i>	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Domicilio fiscal	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
IRPF da persoa solicitante correspondente ao exercicio 2020	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**
**ANEXO I  
(continuación)**
**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**


Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable. Se é o caso, o consentimento da persoa interesada.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa do bono das persoas autónomas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR341Q).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

 Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de 



**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**

ANEXO II

**XUSTIFICACIÓN DA AXUDA  
DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS  
TR341Q - BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS**
**DATOS DA PERSOA DECLARANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF




**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF




**A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

 a) Que coa presentación desta declaración achega a documentación xustificativa dos gastos imputados á subvención (facturas e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento), de non tela achegado con anterioridade 

Nº LIÑA (1 ou 2)	Nº ORDE	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚM./ REFERENCIA	DATA DA FACTURA	DATA DO DOCUMENTO BANCARIO DE PAGAMENTO	IMPORTE (SEN IVE)

b) Que para a mesma actividade ou proxecto esta persoa solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					



**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**ANEXO II  
(continuación)**A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)**c) Que esta persoa ten concedidas en réxime *de minimis* (regulamentos (CE) nº 717/2014, 1407/2013 e 1408/2013), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa declarante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Fotografías antes da reforma
- Fotografías despois da reforma
- Outras

**SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de 

CVE-DOG: ac5vkxh8-ed74-ocd5-fz45-ewdijqrij27

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**

ANEXO III

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AOS SEIS OBXECTIVOS AMBIENTAIS (DNSH) NO SENTIDO DO ARTIGO 17 DO REGULAMENTO (UE) 2020/852**
**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF




**E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF





EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que a persoa solicitante, tendo en conta todas as fases do ciclo de vida do proxecto ou actividade que se vai desenvolver, tanto durante a súa implantación como ao final da súa vida útil, cumprirá co principio DNSH de «non causar un prexuízo significativo» exigido polo Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, de forma que:

1. **NON CAUSA UN PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AOS SEIS OBXECTIVOS AMBIENTAIS** do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852\* que se enumeran a seguir:

- **Mitigación do cambio climático** - Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á mitigación do cambio climático se dá lugar a considerables emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).
- **Adaptación ao cambio climático** - Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á adaptación ao cambio climático se provoca un aumento dos efectos adversos das condicións climáticas actuais e das previstas no futuro, sobre si mesma ou nas persoas, a natureza ou os activos.
- **Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños** - Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á utilización e protección sustentables dos recursos hídricos e mariños se vai en detrimento do bo estado ou do bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as superficiais e subterráneas, e do bo estado ecolóxico das augas mariñas.
- **Economía circular, incluídas a prevención e a reciclaxe de residuos** - Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á economía circular, incluídas a prevención e a reciclaxe de residuos, se xera importantes ineficiencias no uso de materiais ou no uso directo ou indirecto de recursos naturais; se dá lugar a un aumento significativo da xeración de residuos, o tratamento mecánico-biolóxico, incineración ou depósito en vertedoiro de residuos, ou se a eliminación de residuos a longo prazo pode causar un prexuízo significativo e a longo prazo para o ambiente.
- **Prevención e control da contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo** - Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á prevención e o control da contaminación cando dá lugar a un aumento significativo das emisións de contaminantes á atmosfera, á auga ou ao solo.
- **Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas** - Considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas cando vai en gran medida en detrimento de as boas condicións e a resiliencia dos ecosistemas, ou vai en detrimento do estado de conservación dos hábitats e as especies, en particular daqueles de interese para a Unión.

\* Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

2. **A PERSOA SOLICITANTE NON DESENVOLVE ACTIVIDADES EXCLUÍDAS** segundo o indicado pola Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia.

As actividades excluídas son:

- Refinarias de petróleo
- Centrais térmicas de carbón e extracción de combustibles fósiles
- Xeración de electricidade e/ou calor utilizando combustibles fósiles e relacionados coa súa infraestrutura de transporte e distribución
- Eliminación de refugallo (por exemplo, nucleares, que poidan causar danos a longo prazo ao ambiente)
- Investimentos en instalacións para a deposición de residuos en vertedoiro ou investimentos en plantas de tratamento biolóxico mecánico (MBT) que impliquen un aumento da súa capacidade ou da súa vida útil (salvo plantas de tratamento de residuos perigosos non reciclables)
- Actividades cubertas polo réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (segundo o anexo I da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro







**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE**ANEXO III  
(continuación)**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: (continuación)**

3. A **PERSOA SOLICITANTE** NON PREVÉ EFECTOS DIRECTOS DO PROXECTO OU ACTIVIDADE SOBRE O MEDIO, NIN EFECTOS INDIRECTOS PRIMARIOS, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizado o proxecto ou actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obrigaçión de devolver as axudas percibidas e os xuros de demora correspondentes.

**SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de  **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: ac5vkxh8-ed74-ocd5-fz45-ewdijqrij27

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO IV

COMPROBACIÓN DE DATOS DA PERSOA AUTÓNOMA SOCIETARIA

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas.		SIGNATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNAME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			DNI ou NIE da persoa autónoma pola que se solicita a subvención	<input type="checkbox"/>	
					Vida laboral da persoa autónoma pola que se solicita a subvención nos últimos 5 anos	<input type="checkbox"/>	
					<b>CONSENTIMENTO PARA A CONSULTA DE DATOS</b> No caso de non dar autorización, deberá achegar o documento correspondente. IRPF do ano 2020 da persoa autónoma pola que se solicita a subvención.	AUTORIZO A CONSULTA <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable. Se é o caso, o consentimento da persoa interesada.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

Lugar e data:  ,  de  de

